

GALICIA SECULO XX

Bernardo Máiz Vázquez

A historia, a historia oculta corre como un río subterráneo por baixo de todos nós, agardando que escoitemo-lo seu rumor, agardando que recompñamos os anacos de pasado que nos foron roubados, pois ata hoxe a historia foi escrita ou polos vencedores — que a escribiron e a escriben ó seu xeito — ou polos eruditos — que a interpretan ó seu —, aínda máis a historia de Galicia, descoñecida e falseada ó longo de tantos anos.

Tantos anos para chegar a un hoxe apresurado de videoclips, aldea global e guerra das Galaxias, a un futuro no que tantos non cren e a un presente anguriado para todos e no que algúns lembramos, teimudamente, que "os pobos que esquecen o seu pasado están condenados a repetilo".

Un pasado, unha historia sempre pouco doada de contar, unha historia da que todos coidamos saber e que xa ninguén recorda ben, pois a historia é terra erma que todos aran, eira na que todos mallan, herbal donde todos pacen.

Historia aburrida e árida a dos documentos e estadísticas, pero hai outra chea de xente perdida que, pode ser, a ninguén importa pero que aíhi está. E preciso que traíamos ó presente tantos devanceiros difuminados, a súa presenza, as súas falas, as súas accións, globalizándoas, pois "nas historias individuais está refreixada a historia da colectividade".

Nos mesmos camiños polos que nós podemos andar agora, nos mesmos rueiros, vilas e cidades, homes e mulleres dos que pouco ou nada sabemos, protagonizaron unha historia importante, hoxe ignorada, e que debemos rescatar, pois forma anacos importantes para a nosa memoria colectiva, e se se quere entender á Galicia de Hoxe superando vellas alienacións e construindo o necesario artellamento colectivo, é mester que coñezamos, osmemos, afondemos na nosa historia como pobo, e que, como xente do noso tempo, ollemos o inmediato pasado, que encerra feitos, aconteceres, personaxes, sepultados baixo da lousa dun interesado esquencimento mais que, analizados, serven para mellor explicar a actualidade, que non ven nos libros.

I - A HISTORIA EDITADA

Repasemos catálogos de editoriais, suplementos de periódicos, índices e publicacións institucionais e atoparémolos cheos de traballos sobre frades fundadores, xacementos románs, códices, persoeiros ilustres e outros temas vedreños; visitemos museos e respiraremos pó de séculos entre portas abaladas, grabados obscuros, sacralización do vello; escoitemos ós HISTORIADORES (con maiúsculas) engaiolados en discusións sobre dados e horas, terminoloxía, comestos pola percura do prestixio académico, ollemos que tipo de historia é a oficial e, pretendidamente única, e resultará ser ou a de estadísticas ou a dos herois, a dos señores feudais, a de determinada ideoloxía de orde, a magnificación de quen ostenta o poder: raramente o pobo, secuestrado como protagonista da historia, cando a nosa historia, a historia de Galicia, foi a do Rei Reckila, e Don Diego Xelmírez, e Don Paio Gomez Charino, e Don Santiago Casares, dos que pagaron a construción dos monumentos, pero tamén é, e moito máis, a dos labregos da Galicia suévica, a dos servos medievais, a dos mariñeiros anónimos e a das obreiras da tabaqueira de A Coruña que a dos persoeiros que deixaron constancia inxel dos seus nomes e das súas faces. Non podemos hoxe traer ó presente tan antergos grupos, pois moi lonxe de nós a Historia-Ficción ou a novelación pseudo-histórica, pero sí debemos e podemos recoller a memoria viva, as influencias, os desexos, de que viviron e lembran o máis próximo pasado, a vella memoria que posuen os vellos, debemos facer a historia da xente, que non só dos feitos, xa que senón acaeremos nunha interpretación mecanicista, pretendidamente desapaixoadada mais seguramente fría.

II - OS HISTORIADORES E O OBXECTO DA HISTORIA

Son eles divisibles en tres escolas metodolóxicas, grupos, segundo afeicións, desexos, vontades, familias, clientelismos e endogamias.

GRUPO "A", "Obxectivo e/ou científico". - "...só podemos apoiarnos en documentos, restos arqueolóxicos, relacións precios e salarios, dados demográficos, series de produción e consumo. Todo o demais e subxectivo e acientífico".

Rematamos o párrafo anterior cunha das palabras máxicas dos investigadores, mais puxémoslle diante "a" como partícula privativa; nesta escola están os que coidan que "números" están vivos e son, en si mesmos, representativos, que os documentos son o único apeo, que son o fiable que o estudioso debe ofertar e que todo o demais é faramalla creativa e repuallo novelado.

Este grupo fai "HISTORIA", cos demais, e pouco sabe de Marcuse.

GRUPO "B", "Emocional". - "...pescudando nas insculturas castrexas, nas donacións medievais, na frase de Wellington sobre os soldados galegos e na etnografía, atoparemos os alicerces, raigañas e constantes do ser galego, e entenderemos a perpetua e brillante frustración e renuncia do noso pobo".

Brillante renuncia e frustración que deron en loubar os escritores do Romanticismo, seguidos hoxe obsesivamente polos panexiristas do celtismo, os poetas de María Pita, os medradores da revolta Irmandiña, os que remexen unha e outra vez en historias balorecidas.

Este grupo, cos demais, fai HISTORIA e non leeu a Marx.

GRUPO "C", "erudito e/ou localista". - "...a igrexa de S.... ten, exactamente, 7777 tellas, na construción traballaron, exactamente, 222 homes durante 333 días. Na batalla de Lepanto combatiron, exactamente, 4 viciños de S... Eu gañei o premio sobre da historia de S... no ano 1807 cun volume de 1111 folios".

Cos demais este grupo fai HISTORIA e non coñece a Marc Bloch.

Medran os historiadores facendo a cotío a crónica do poder ou do contrapoder, sempre mirando a historia dende arriba, seleccionando feitos e herois, loubando ós líderes como motor obxectivo. Outros, fronte ós anteriores, poñen o tilde no modo

de produción e na loita de clases como obra das colectividades, e tamén como único motor da historia e, logo, marxiana. Sen negar totalmente a validez de ninguén e de ningún atopamos a todos agrupados e organizados xerárquicamente en academias e cátedras varias, sen aceptar anovacións metodolóxicas e tenteando marxinar ós anovadores, ós que coidan que aquilo que interesa fundamentalmente do pasado e o que pervive realmente e realmente afecta ó presente, moi lonxe pois do coñecemento "per se" dese pasado.

A historia é unha acumulación de experiencias, nunca compartimentos estancos, temas pechados; a historia non ten eses cortes que as escolas clásicas e academicistas queren poñer na caída de Roma, na de Constantinopla, no descubrimento de América, na Revolución Francesa... nas grandes e importantes datas que, na realidade, pouco din hoxe e menos dicían no seu tempo. ¿Cando souperon dos incas na Fonsagrada? ¿Que sabían de Robespierre os viciños do Carballiño? ¿Cando de Lenin os mariñeiros de Cedeira? ¿E do ferrocarril os serrachíns do Entrimo?

Afirmamos mais atrás que para documentar, iluminar e coñecer o pasado anterior ó século XX —escrito esto no final do 1986— só hai determinadas fontes de non recorrer ás literarias e que elo pode limitar ó investigador a facer unha historia aseptica, descriptiva, narrativa, estrutural, non interpretativa. Non é así para o tempo máis próximo, do que hai testigos que teñen pequenas ou grandes testemuñas que contar, e nelas está a realidade, non nos documentos. Traballo do historiador e recoller, contrastar, peneirar, publicar, e esa é a Historia da contemporaneidade, a historia viva do grupo derradeiro; é magoa que ata hoxe en Galicia os historiadores "oficiais" nono recoñeceran así.

Sabemos que Risco quería conxugar "tradición" e que Castelao escribiu eso de "eu renego da Historia de Galicia porque o pasado só nos deixou desilusións". Fagamos pois a historia de cotío, transformándoa como contemporáneos.



III - GALICIA CONTEMPORANEA

Nos libros, nas especialidades universitarias, nas clasificacións, os HISTORIADORES seguen a dar ca mandarria nunha Edade Contemporanea que comenzaría antes do 1800. ¿Somos nós contemporaneos de Napoleón? ¿Ten que ver a Galicia do minifundio ca bomba de neutróns? ¿Cando nos decataremos de que a Galicia viva non está no rural máis fondo? ¿Que entre horreo e cabazo hai un tractor? ¿Que os medios de comunicación crean modelos de conducta alonxados de muiñadas e fiadeiros a carón do lar? ¿De que a Historia de Galicia non vai polos mesmos parámetros que a de España? ¿Que non hai un proceso histórico unitario?

Fagamos un esquema para ver de deseñar as liñas conductoras contemporaneas a ese "grupo derradeiro" do que escribiamos máis arriba, ese tempo que aínda podemos recompoñer cas lembranzas dos máis vellos.

III, a. — Paso do XIX ó XX.

Hai na sociedade galega dese tempo unhas coordenadas agrarias —e mariñeiras— e poñamos o agrarismo en primeiro termo; ideoloxía reivindicativa do inmediato (“trabucos, foros, caciquismo”) e que carecía dunha visión de conxunto de Galicia e dos seus problemas; poñamos en segundo lugar a case ausencia de ideoloxías proletarias fora de certos lugares donde os seus seguidores estaban empachados de marxismo: analísemos como terceiro punto o galeguismo de “ilustres” e verémolo para minorías de “bós e xenerosos”, aillados como criadores de conciencia, no “pesimismo libertador” según Durán.

Deixemos tamén a visión romántica dunha Galicia de correioira e estudemos as diferencias de estrutura:

Minifundismo: ou pequenas parcelas, policultivo, gran compartimentación do espazo agrario, perda de terra cultivable por cómaros, balados de camiños. Labregos “proletarizados” na súa forma de vida, pois mesmo se eran propietarios da terra estaban crabuñados a ela nunha produción de autoabastecimento. Relacionemos esta expresión cas demais que veremos, en canto para redimi-los foros (ou renta a pagar a fidalgos, Igrexa e intermediarios) deu ese labrego no asociacionismo agrario co que tamén combater ó caciquismo. A má estrutura da propiedade conducía á emigración pola catividade dos excedentes económicos. Os galeguistas “cultos” tentan atopar solucións que pasen pola propiedade absoluta da terra, o cooperativismo, a agroindustria, a exportación.

Galeguismo: de minorías ilustradas e comprometidas. Uns nunha visión tradicional de Galicia polemizaban co Estado Liberal en canto tronzador da “Galicia arcádica” de fidalgos paternais e campesiños inocentes; outros loubaban o ferrocarril e o vapor en canto posibilitadores da modernidade. Todos deron no idioma e no folklore como determinantes do ser galego, pero mentres uns elaboraron teorías só para elites dirixentes dun mundo rural, outros quixeron artellar Galicia cultural, social e politicamente ó través de sociedades agrarias, mecanización do agro, anovación artística, irrupcións na política. O primeiro sector mesmo aceptou cargos públicos da Dictadura Primo riverista, o segundo militaba a miúdo no republicanismo e no socialismo.

Asociacionismo agrario: posiblemente o elemento que máis conmoveu a vida de Galicia no paso de século. Termando por reivindicacións inmediatas anticaciquís e antiforais, movilizou miles de campesiños famentos de propiedade da terra, fartos de inxusticia e comestos polos impostos. Conectou co galeguismo en canto eran os dous manifestacións de “rebeldía primitiva”, ás veces adoitou contidos cooperativistas, vagamente socializantes e mesmo anarquistas, pero non soupo ser un proxecto político amplo, esmorecendo según foron redimidos os foros e cando deron en cantar aquilo de “Antes era Bugallal o cacique deste lares / e co cambio que houbo / manda Santiago Casares”, indicador claro da sabiduría popular, pois non esquezamos que moitos políticos do republicanismo pasaran, como Basilio Alvarez e Casares Quiroga, polo agrarismo.

Incomunicación: viaría, con estradas desfeitas ou inexistentes cara o resto da Península, un ferrocarril que entraba por Galicia adiante moi ós poucos, corredoiras lacentas, portos sin infraestructura. Só arredor das cidades había un “hinterland” constituido e relativamente ben comunicado, así como na correspondencia cos galegos da diáspora americana. Incomunicación cultural que, se mantíña “as esencias do ser galego” en lendas, nas músicas, na fala, tamén era miseria e autoxenreira.

Pervivía a nosa terra non non-desenvolvemento económico e alonxada de calquer circuito de modernización.

Non industrialización: que conducía a que os expulsados da agricultura non atoparan traballo noutros sectores e marcharan á emigración. Só hai en Galicia dúas bisbarras con tradición industrial: a volta de Vigo (conservas) e a de Ferrol (asteleiros), lugares donde as ideoloxías de esquerda tiñan —xunto con certas vilas mariñeiras— implantamento. O capital galego non era apenas investido na criazón dunha urdime industrial senón inmovilizado en terras, agás algunha empresa menor de curtumes,

peixe, madeira, construción naval. Xerou elo tamén carencia de burguesía empresarial e liberal.

Caciquismo: fenómeno complexo fillo da política centralizadora do estado liberal: o xefe do partido X ou do Partido Z tiña o seu delegado en A Coruña, Ourense, Vilagarcía, Pontedeume que, á súa vez, tiñan os seus testaferros en Concellos (Secretarios, Alcaldes) e parroquias (pedáneos), entre todos amañaban eleccións, penalizaban disidencias, cambiaban marcos e camiños. A lectura de “Los Pazos de Ulloa”, de “Los Gozos y las Sombras”, os dibuxos de Castelao, os poemas de Cabanillas, a memoria popular ilustran dabondo sobre este fenómeno e a súa proxección social e política. De que non rematou ca caída da monarquía da conta a copla que incluimos no epígrafe do asociacionismo agrario.

Emigración: como “negación do dereito da persoa á vida no propio país”. Producida por desaxuste entre economía e poboación a conta do minifundio, o caciquismo, a incomunicación e a non industrialización. “Perpetua frustración”, “...cicais o problema máis acedo de Galicia, o erro máis terrible”, como se Galicia tivera culpa de algo. Sairon no periodo tratado aproximadamente 850.000 compatriotas, perda demográfica espectacular de xente nova, en idade fértil e activa. Idealización do falso progreso das sociedades capitalistas e do prestixio da riqueza; indianos ricos e miméticos cos sectores dominantes, aferramento ó tradicional. Remesas de diñeiro que permitiron lixeiros cambios de propiedade da terra e de mecanización no mar. Ideas que veñen e callaron nas abondosas Escolas de Emigrantes, sociedades agrarias, laicismo, sindicalismo, republicanismo. Non esquezamos que a Real Academia Galega foi pensada en Cuba.

Paso XIX-XX

- Minifundismo
- Galeguismo “culto”
- Agrarismo
- Incomunicación
- Non industrialización
- Caciquismo
- Emigración

III. b.- INMEDIATO A 1931

Esta é unha xeira complexa no seu desenvolvemento e en tódolos eidos: no político anotemos que a Lei Electoral en vigor dende 1907 levava a que non houbera eleccións reais en Galicia dende esa data ata 1923, con Diputados “cuneros” proclamados polo Art. 29 ou de “mayorías”. Do 1923 ó 1930 ficaron as eleccións en suspenso agás das de nivel local, polo que non atopamos actividade política fora da oficiosa “Unión Patriótica”, algún nostálgico dos partidos monárquicos tradicionais, certas actuacións republicáns en A Coruña e Pontevedra; os galeguistas (“ben intencionados froitos dun superdesenvolvemento cultural da man dun locido feixe de intelectuais de signo pequeno burgués”) nalgún caso colaboraron co rexime de Primo de Ribera. Os partidos e sindicatos obreiros andaban nun combate semiclandestino; as Sociedades Agrarias, puladas polo Dictador en determinados temas, vían esmorecer o seu labor reivindicativo. En resumo, para 1930, e tomando como pé o Pacto de Lestrove do 26 de Marzo, sentáronse as bases mínimas para un futuro republicán que se vía próximo pero que ninguén tiña nidio.

A problemática económica defrontaba circunstancias complexas: se as leis de redención foral do 1926 deran propiedade a moitos labregos, os esquemas precapitalistas non posibilitaban a financiación precisa para unha mecanización do agro nin permitían superar a excesiva parcelación, non era dada a saída da espenunca do subdesenvolvemento. A Pesca víña ser artesanal, fora dalgún armador aillado ou empresas conserveiras. Mesmo industrias derivadas do sector primario como as curtumes ou os aserradeiros atravesaban dende 1918 unha crise a conta da importación. Os matadeiros industriais de



ARQUIVO GRAFICO DE A NOSA TERRA

Porriño inauguráronse no 1928, mais non poideron exportar por mor da crise do 1929. No contexto de "Grandes Obras" da Dictadura estaba a escachar o aillamento galego ca construción de carreteras e vías férreas.

No eido lingüístico debemos anotar que en Galicia lingua e política son, e eran, termos inseparabeis, e nese contexto o labor das "Irmandades da Fala" foi de moito valor: non habendo en Galicia burguesía galeguista aparente, eses intelectuais que tenteaban dar corpo a unha lingua e unha terra combatían sós, xa que a conciencia idiomática e nacional non tiña espazo nunhas capas populares que se obreiras non tiñan conta máis que da demanda inmediata ou da utopía social cando non condenaban ó galeguismo en nome do internacionalismo, e se labregas ou mariñeiras non só non tiñan conciencia de falantes diferenciados senón que mesmo caíran na automarxinación idiomática e cultural. Tanto o "Instituto Estudios Galegos" como "Nós", editoriais como "Celtiga", non ían máis aló do voluntarismo e debemos recoñecelo así.

III.c.- A esperanza republicana

Significa república "forma de goberno no que o pobo exerce directamente a soberanía", así a identificación semántica entre república e democracia ten o seu primeiro sostén ideolóxico. Consignas de contido progresista (igualdade, soliedariedade, xusticia, autodeterminación) foron e son a base e as grandes palabras do republicanismo.

As contradicións estruturais que Primo de Ribera non soupera resolver, a desidia de Alfonso XIII, a primeira onda da crise económica mundial encetada a fins do 1929, o activismo dos antimonárquicos, entre outras, deron paso á focalización de posturas durante o Goberno Berenguer e a que a urdime republicana dirixira os seus esforzos á obtención do triunfo nas eleccións municipais de Abril do 1931, convertíndoas en plebiscito sobre da forma do Estado, e só dese xeito poderemos en-

tender en ciencia política que desas eleccións para anovar Concellos adviñera un cambio de réxime.

A fragmentación entre os republicáns correspondía a un abano ideolóxico que, se estaba cinguido en canto a substituír o réxime monárquico polo republicano, esgallábase en canto á forma do estado, división de poderes, etc.; no que a Galicia respecta debemos anotar as posturas diante do feito diferencial galego.

Os dúas grandes opcións republicanas eran o Partido Radical e a ORGA (como PRG ou integrada en IR), pois os outros grupos sufreran moito máis os choques de alianzas e contra-alianzas, factor de desequilibrio político e mostra da falla de estrutura política partidista. O "Partido Galeguista" no se manifestou republicán ata Maio do 1931; demandando a "liberdade integral da nación galega" (cousa que nin prevista estaba na Constitución republicana) foi evolucionando cara posturas cada vez máis a esquerda. O PSOE era a primeira forza dentro do proletariado galego e, aliado con ORGA, acadou triunfos electorais no 1931 e 1936. O Partido Comunista medrou espectacularmente e no eido sindical entre a UGT e a CNT movían 40.000 afiliados. Frente a eles as antigas "forzas vivas" agrupáranse en organizacións de dereita, de cativo implantamento real pero de grande poder económico e propagandístico.

Se o caciquismo nos chanzos cotiáns e o valdeiro de 7 anos de dictadura contribuíron a que a IIª Republica fora acollida con certa indiferencia popular, ós poucos ás realizacións prácticas da Republica (portos, garantía de precios, emprego, cretos, liberdades), co Partido Galeguista e os sindicatos e Partidos obreiros como factores dinamizadores, deu volta a desconfianza popular, pois para 1935 tiña Galicia uns índices de desenvolvemento demográfico e económico elevados, un grande compromiso. A mobilidade social, ideolóxica e política era o que definiremos como cambio. Superadas incompreensións, en

progresión económica, co caciquismo camiño de ser peza arqueolóxica, cun Estatuto plebiscitado, á Galicia do 1936 estaba en transformación cara o progreso cando aquel mes de Xullo caeu unha sublevación que deu nunha desasistada guerra que coutou todo e a pouco máis todo leva.

Rematemos este epígrafe cunha cita, A. R. Castelao en "Nueva Galicia", 1938: "...a República chegou como a apertura de todo tipo de posibilidades, sen violencia nin medos, sin necesidade de máis que a vontade popular... Cando a dereita comprobou que o pobo estaba disposto a exercer os seus dereitos, que xa non éramos tan parvos, que mesmo os galegos tamén queríamos e sabíamos gobernarnos, recurreu ó fascismo, á violencia, ó terror; non tivo loito en chamar ás catro bestas do Apocalipse e a desatar a barbarie".

III.d.- Aquel 1936.

¿Como un país movilizado e concienciado caeu tan rapidamente nas máns dos sublevados?. Subliñemos, para maior comprensión, as tres liñas conductoras daqueles días:

— Unhas autoridades (gobierno central e os seus representantes en Galicia) dubidantes cando non comprometidas.

— Uns partidos e sindicatos frentepopulistas desbordados polos acontecementos.

— Uns conxurados agardando o preciso momento para o que coidaban ía ser un sinxelo "golpe de timón".

Dende o 19 de Xullo ó 3 de Agosto durou o Alzamento en Galicia, unha mini guerra de 15 días que levou ós alzados victoriosos a unhas accións represivas que deixaron na memoria popular unhas pegadas imborrables: foi unha represión desatada, unha xorda vinga, a "limpeza de elementos roxo-separatistas" na que perdeu Galicia os seus millores fillos, e que deu paso a unha longa dictadura na que mesmo as mais moderadas formas de oposición ficaron prohibidas.

Non imos desenvolver eiqui os feitos concretos, e serva o cadro adxunto para as consecuencias inmediatas dun tempo que tronzou tódalas posibilidades.

1936

- Corte traumático do desenvolvemento democrático.
- Represión.
- Exilio.
- Silenciamento.
- Impedimento da afirmación do ser galego.

III.e.- O franquismo

Para entender as estruturas galegas durante o franquismo faremos primeiro dous apartados: un dende a Guerra Civil ata o remate da década dos cincuenta, outro dende os primeiros sesenta e que chegaría ós oitenta. Calquer outra interpretación, querendo meter Galicia nas tres ben coñecidas etapas da historia de España do 1936 en adiante, fora de carente de base cos dados da realidade, sería non aceptar que hai un desenvolvemento desigual en sociedades colindantes.

Vemos pois en Galicia unha primeira etapa que definiremos como de precapitalismo. No chanzo económico foron anos de anguria, reruralización, expropiación das terras comunais, perpetuación do minifundio, esmorecemento da flota artesanal e aparición de grandes empresas pesqueiras, algún foco de industrialización no sector da construción naval, a emigración. Esa reruralización conduceu ó aldraxe e marxinación do ser galego: se como idioma retrotaéndoa á categoría de só oral, se como cultura devolvéndoa ó aldeanismo, se como xente alcu mándonos de raposos e suiñas; en resumo, os galegos debíamos sentirnos como personaxes secundarios e comidos dos sainetes.

A unida oposición ó franquismo, xa que o estricto galeguismo refuxiouse no culturalismo, foi a loita armada, nada da ficticia victoria e da desorbitada represión dos vencedores do trintaeseis; esa resistencia foi ó comenzo de supervivencia, mais

tarde, organizada exclusivamente polo Partido Comunista, movilizou centos de demócratas que plantexaron un longo e circio combate ó franquismo en eidos puramente militares, pero sen artellar outras formas de oposición; o enquistamento da loita armada permitiu (do 1950 ó 1954) que o franquismo dera cabo dél.

Non hai, nesa sociedade de capitalismo primitivo, unha apreciable burguesía que poidera dirixir a modernización do país; os grupos dominantes, agrupados cun poder político de modos fascistoides, pouco máis eran que unha chea de neocaciques nas Hermandades de Labradores, nos Concellos, e unha pequena oligarquía fabril e financeira, aferrollados a un sistema de explotación económica e social periclitado.

Á segunda etapa chamáremoslle de modernización social e irrupción do neocapitalismo: a poboación activa foi desprazándose dun sector primario excesivo ó secundario e terciario, xa que logo urbáns; no agro, expulsados os excedentes á emigración, foi habendo mecanización. Se falamos de neocapitalismo é polo implantamento tanto dun sistema económico consumista que basea na demanda de produtos a produción dos mesmos e artella formas de publicidade que leven ó consumidor a adquirir eses produtos, como por unha división do sistema productivo que coloca en zonas marxinadas os centros de extracción e primeira elaboración de elementos básicos (electricidade, alúmina, pasta de papel), tamén un modo que basea na posesión de artigos de uso e consumo o prestixio social: grupos financeiros como Nestle, Uteco, Pescanova, Pebsa, Fenosa, Astano, estableceéronse en Galicia. A sociedade entrou en transformación, manifestándose elo nas relacións interclases e na interacción dentro das mesmas; os grupos de poder non souperon en Galicia construír un futuro económico e vivían como depredadores, mentres o protagonismo foi pasando ás mans dunha capa obreiro-industrial que tomou a dirección das reivindicacións, e esa clase medrou espectacularmente dende o fin dos sesenta e tivo unha anovación xeneracional con actitudes en correspondencia a un país que ía sendo diferente o aparentemente rural e marxinal.

Correspondeulle pois ás capas sociais en alza (obreiros, técnicos, ensinantes) o equilibrio entre reivindicación laboral, afirmación nacionalista, renacemento político da esquerda, e alternativas culturais que remexían na tradición universalista de Galicia. Había demandas de cambio, algo do bon e do mao da modernidade para cando rematou "naturalmente" a vida do General Franco.

III.f.- O postfranquismo.

Dende a morte física do General Franco en adiante abreuse un período de crispación e esperanza, un tempo que deron en chamar "transición" e no que o debate básico foi entre uns "poderes fácticos" inmovilistas, uns grupos de dereita e centro que querían cambia-la forma e a esquerda real e os nacionalistas pulando pola "ruptura".

As arelas de transformación ecoaban en tódolos niveis: era petición xeral a liberdade, a amnistía e os dereitos nacionais, respostada con prepotencia dende o goberno (de Arias, de Suárez, que tanto ten). As movilizacións populares foron unha constante e semellante era a galeguización aparente da sociedade, a esixencia de dignificar a lingua galega como lingua normal de comunicación.

Sometida Galicia a un falso desenvolvemento económico comenzo o postfranquismo por querer encher a terra de Celulosas (nono conseguiron), facer a Autopista do Atlántico (ahí está), nuclearizarnos; fora en escritos, sindicatos, partidos, en calquer plataforma de opinión, nos 1976 e anos seguintes Galicia estaba movilizada, a poboación estaba polo dismantelamento das estruturas franquistas, pero tamén a esquerda estaba enfrenteada por pretensións de monopolizar o galeguismo uns e o hexemonismo de outros, e así posibilitaba a aproximación entre a dereita mais intelixente acobillada en Adolfo Suárez e o centro e a socialdemocracia agrupados tralo PSOE e a súa "ruptura pactada", camiño da obtención do poder e lonxe de querer facer unha transformación real da sociedade. Dese xeito, cando foi elaborado o "Proyecto de Ley para la Reforma

Política", a esquerda moderada rompeu a unidade da oposición e esa oposición non tiña capacidade propagandística; no Referendum de fins do 1976, nas eleccións inmediatas, no Referendum Constitucional do 19878, manifestouse claramente que 30 anos de "Regimen del 18 de Julio" fixeran que os cidadáns menores de 40 anos non coñeceran outro sistema que non fora o autoritario; democracia, liberdade, autonomía, autodeterminación, socialismo etc, eran expresións que enchían a boca dunha minoría concienciada pero que a maioría non podía entender. Había na Galicia de fins dos setenta anxeios de cambio, pero as consignas mais insistentes do franquismo deixaran a súa pegada; a sociedade galega, no seu conxunto, se quería a democracia, as liberdades, tamén era anticomunista e antiseparatista, e co despegue dun proceso histórico absurda e dramaticamente secuestrado no 1936 primaron os principios máis moderados e por eles foi conducido o país.

Foron os vencedores uns sectores políticos e económicos procedentes do franquismo e que souperon adaptar a súa aparencia a formas democráticas; tamén uns grupos arribistas que tras coarenta anos de silencio souperon utilizar os desexos de modernidade da poboación. Co estatuto de Autonomía, nos sucesivos chamados electorais, afortallouse o modelo de de-

mocracia burguesa, galego cooficial, etc., moi lonxe da democracia real.

Rematamos con dous anacos de entrevistas, unha en Santiago e outra en Vigo, as dúas no 1985, e que forman parte dun amplo traballo de proxima publicación:

"...a xente en Galicia é conservadora a maiores, fora da costa, da zona das rías. Deso non se deron conta os partidos de esquerdas... O que quere a xente e un caciquiño bó, non as grandes ideas, un caciquiño que esté no poder e que amaíne as pistas ou consiga un instituto... O que a xente quere é ter un amigo na Diputación ou nunha Consellería, e nada máis".

"O cambio aparente das relacións sociais, económicas e políticas destes últimos dez anos beneficiou ó empresariado máis intelixente que aproximou ós seus plantexamentos ós da socialdemocracia. A esquerda é e foi o remolcador, quen foi arrincando cousas á dereita, que por ela nada tería feito, e a dereita adoitou os modos, as modas e as consignas da esquerda... ¿Non ten coña que os que mandan agora en Galicia anden a rufar do seu galeguismo cando hai tres días berraban pola unidade da Patria?"

E concluo, extrapolando o texto dun ben coñecido debuxo de Castelao: "Eu estou cos de despois".

